

PLANO DE ESTABILIDADE 2011-2014 DO GOBERNO DO ESTADO ESPAÑOL = PERDA DE POSTOS DE TRABALLO NA SANIDADE PÚBLICA

O Plano de Estabilidade 2011-2014 foi presentado perante a Comunidade Europea por Elena Salgado, Ministra de Economía e Facenda, e ratificado por Mariano Rajoy na súa reunión con Angela Merkel.

<p style="text-align: center;">PLANO DE ESTABILIDADE 2011-2014</p>	<p>Aplicación dunha taxa de reposición do 10% nas Administracións Públicas durante os anos 2011, 2012 e 2013; isto implicará que a finais do 2013 o cadro de persoal público verase reducido nun 7%.</p>
<p style="text-align: center;">Cal é o efecto perverso deste Plano de Estabilidade?</p>	<p>Durante estes anos a oferta de emprego público, será como máximo igual ao 10% da taxa de reposición de efectivos. A contratación de persoal interino por vacante computarase aos efectos de cumprir o límite máximo da taxa de reposición.</p>

Este efecto perverso de eliminación de postos de traballo na Sanidade Pública manterase ata o ano 2014. É dicir, ata o 2014 só se poderá cubrir un 10% das prazas vacantes. O resto das prazas serán amortizadas. Con posterioridade ao 2014 o cadro de persoal da Sanidade Pública estará tan mermado que a prestación de servizos será inviable.

Desde a **CIG-Saúde**, ao igual que fixemos no ano 2011, iniciamos unha campaña de denuncia e reivindicación para que o goberno da Xunta de Galiza e os partidos políticos do parlamento do Estado Español rexeiten que os orzamentos do ano 2012 contemplan a taxa de reposición nos servizos públicos.

De non producirse isto, desde **CIG-Saúde** instamos ao Goberno Galego a que en uso das súas competencias, esixa ao goberno do Estado Español que a taxa de reposición non teña a consideración de normativa básica. E ao SERGAS a que se cubra a totalidade das prazas.

Qué interese tén o goberno de eliminar os postos de traballo na Sanidade Pública?
Será que esta medida lle facilita as súas ansias privatizadoras?

NA DEFENSA DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO, DEFENDE O TEU POSTO DE TRABALLO!